

Máster Universitario en

ENXEÑARÍA DA PAISAXE INFRAESTRUTURA VERDE E TRANSICIÓN RURAL *

* En tramitación para impartir no curso 2026-2027

Deseño da paisaxe. Restauración ambiental
Impulsa a transición verde, transforma o rural

60 ECTS – 1 curso académico

Modalidade híbrida
(Presencial + en liña)

Especialidades:
Infraestrutura verde e paisaxe
Transición verde

Prácticas externas

Tecnoloxías de información xeoespacial



O Pacto Verde Europeo propón unha nova estratexia de transición verde que mude o modo de producir e consumir, para transformar a Unión Europea nunha sociedade máis equitativa, próspera, eficiente no uso de recursos e competitiva.

O Regulamento Europeo sobre Restauración da Natureza (PE-CONS 74/1/23) fixa un obxectivo de restauración dos ecosistemas que vai máis aló da mera designación de espazos protexidos. Tamén están en proceso de aprobación diferentes estratexias autonómicas de Infraestrutura Verde a nivel estatal e autonómico.

O espazo rural da Unión Europea é un importante destinatario destas políticas, que obrigan ao sector primario a abordar importantes retos ambientais. A restauración ambiental e as medidas orientadas á transición verde dos sistemas agrarios deberán ir da man.

Estes novos retos fan precisos novos coñecementos e ferramentas de análise para guiar as accións dos e das axentes implicados. O novo marco normativo xera necesidades de formación continua e adaptación dos e das profesionais ao novo escenario da transición verde.

Plan de estudos

Materias obrigatorias

- Compoñentes e interaccións na paisaxe
- Economía ecolóxica
- Fundamentos da restauración ecolóxica
- Ordenación do territorio rural e do paisaxe
- Políticas de desenvolvemento rural
- Proxectos de restauración ambiental e transición verde
- Tecnoloxías da información xeoespacial
- Transición verde en áreas rurais

Especialidade Infraestrutura verde e paisaxe


- Bioenxeñaría da paisaxe e restauración ecolóxica
- Deseño e planificación da Infraestrutura verde
- Restauración ecolóxica aplicada
- Taller de infraestrutura verde e paisaxe

Especialidade Transición Verde

- Bases históricas da transición agroecolóxica
- Enfoque territorial dos sistemas socioecolóxicos rurais
- Estratexias de transición agroecolóxica na explotación
- Instrumentos de xestión de terras
- Sistemas de administración de terras

Prácticas Académicas Externas

Traballo Fin de Máster



Formación orientada á empregabilidade en administración pública, consultoría ambiental, planificación territorial, desenvolvemento rural e investigación.

60 ECTS – 1 curso académico

Compatible co exercicio profesional:

- 50% videoconferencia
- 50% presencial

Posibilidade de matrícula a tempo parcial



Lugar de impartición:

**Escola Politécnica
Superior de Enxeñaría**

Campus Terra

Lugo

Web (clica aquí para máis info):

<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/enxenaria-arquitectura/master-universitario-enxenaria-paisaxe-infraestructura-verde-transicion-rural>